



## PREGUNTA ORAL SOBRE OS MOTIVOS DA FALTA DE PREVISIÓN PARA O REFORZO DO SERVIZO DE LIMPEZA EN DETERMINADOS LUGARES E DATAS

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día do Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Está a resultar unha estampa frecuente na nosa cidade a acumulación de lixo en determinados lugares e en determinadas datas, coincidindo con eventos e celebracións festivas previsibles, máxime cando entres as responsabilidades do concelleiro encargado da limpeza se atopa tamén a de seguridade cidadá e, máis en concreto, a de autorizacións e control do uso do espazo público.

A máis recente situación aconteceu na noite do pasado 31 de outubro, véspera da festividade de Todos os Santos na que se adoita celebrar o Samaín ou o Halloween que cada paso veñen gañando maior participación e respaldo popular. Na mañanciña do día 1 de novembro varias rúas do Ensanche e mesmo do núcleo histórico apareceron cheas de lixo, con papeis, bolsas, vasos e botellas que se mantiveron durante varias horas.

Non se trata dunha circunstancia puntual, posto que o mesmo panorama se vén repetindo con relativa frecuencia. Lembramos outra situación semellante na véspera do festivo do 12 de outubro ou nunha celebración festiva de Ponte Pedriña na que o lixo encheu boa parte do Parque Eugenio Granell.

Tendo en conta o anterior, formúlase a seguinte pregunta:

***Cal é a razón de que o Goberno, de forma reiterada, non teña a previsión de reforzar o servizo de limpeza de determinadas zonas en datas festivas para actuar coa necesaria celeridade, aínda coñecendo con antelación a posibilidade de que a maior presenza e permanencia de persoas na rúa neses días ocasiona unha maior acumulación de lixo?***

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017

Teresa Gutiérrez López  
Concelleira do Grupo Popular